

ACTA DO TRIBUNAL PARA A SELECCION DE UN XEFE DE BRIGADA, PARA O CONCELLO DE PORTOMARIN.

No Pavillón Municipal do Concello de Portomarín, ás doce horas e cinco minutos do día quince de xullo de dous mil dazaseís, reúnense as persoas que de seguido se relacionan e que compoñen o tribunal que valorará o proceso selectivo para a provisión de **UN XEFE DE BRIGADA**, de acordo coas bases aprobadas ao efecto por Resolución da Alcaldía.

Titulares:

Presidente: D. Alberto Carballo Sánchez

1º Vogal: Dna. Margarita Lemos Teijeiro

2º Vogal: Dna. María Dolores Rodríguez Gómez

3º Vogal: D. Julio González Casanova

Secretario: D. José Luis Vázquez Méndez

O Sr. Presidente declara constituído o Tribunal e acto seguido procédese ao chamamento dos aspirantes admitidos, presentándose os que a continuación se relacionan:

Jesús López Seijas

Alejandro Villa García.

María José López Rodríguez.

Seguidamente, de conformidade co previsto nas bases, procederáse á selección por concurso –oposición. A valoración dos méritos non terá carácter eliminatorio e non se terá en conta para superar as probas da fase de oposición, realizándose con posterioridade ao remate da fase de oposición e soamente aos/as aspirantes que a superaron.

A fase de oposición consistirá nun cuestionario tipo test de 10 preguntas, con tres respostas alternativas, entregado ao Tribunal pola Orientadora Laboral do Concello de Portomarín (xunto coa plantilla das respostas correctas) a quen correspondeu a custodia do mesmo. A mesma manifesta que as preguntas foron elaboradas por Roberto Rodríguez Vázquez, que o tribunal acepta, tendo en conta o anteriormente exposto. Entégase o mesmo aos aspirantes, para a súa realización nun tempo máximo de 20 minutos, de conformidade co previsto nas bases.

Polo Tribunal, por unanimidade **ACORDASE** deixar sen efecto, a pregunta número 3, referida ás parroquias do Concello de Portomarín. A vista de que non hai preguntas de reserva, nas bases establécese que o tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, estando facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración de méritos. Polo tanto, á vista da anulación das preguntas, e non ter a proba tipo test, preguntas de reserva **ACORDASE** que a puntuación da mesma, deberá ser de 0 a 9 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 4 puntos para superalo.

Unha vez rematado, e correxidos os mesmos de conformidade cos criterios establecidos nas bases, outórganse as seguintes puntuacións:

Jesús López Seijas..... 4 puntos.
Alejandro Villa García..... 4 puntos.
María José López Rodríguez..... 8 puntos.

Polo tanto de conformidade co establecido nas bases e o criterio establecido polo tribunal, á vista da anulación da pregunta, sendo necesario para a superación do test un mínimo de 4 puntos, superan o mesmo os tres aspirantes presentados. Seguidamente procedese á valoración dos méritos, dos aspirantes que superaron a fase de oposición. Unha vez realizada a fase de oposición e valorados os méritos dos que superaron a mesma, obtéñense as puntuacións que a continuación se detallan:

NUM. REXISTRO	APELLIDOS E NOME	PROBA TIPO TEST	EXPERIENCIA LABORAL	FORMACIÓN EXPECÍFICA	CELGA	PROTECCIÓN CIVIL	TOTAL
1065	MARÍA JOSÉ LÓPEZ RODRÍGUEZ.	8,00	4,80	0,60	1,00	0	14,40
1067	ALEJANDRO VILLA GARCÍA	4,00	0	0	1,00	0	5,00
1073	JESÚS LÓPEZ SEIJAS	4,00	0	0	1,00	0	5,00

En virtude do anterior, o Tribunal por unanimidade **ACORDA**, propoer ao Sr. Alcalde, a contratación, que estará condicionada pola superación da proba física e do recoñecemento médico, a **dona María José López Rodríguez, don Alejandro Villa García e don Jesús López Seijas.**

E non sendo outro o obxecto desta reunión finaliza o presente acto, dipoñendo o Sr. Presidente que se redacte a presente acta que suscriben todos os membros do Tribunal sendo ás catarce horas do expresado día, do que eu Secretario, dou fe.


D. Alberto Carballo Sánchez


Dna. Margarita Lemos Feijeiro


Dna. María Dolores Rodríguez Gómez


D. Julio González Casanova


D. José Luis Vázquez Méndez